



**ORDENANZA FISCAL Nº 13**  
**REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS**

**Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ó amparo do disposto nos artigos 57 e 20 da mesma lei, este Concello establece a "Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos", que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o uso das instalacións deportivas municipais e prestación dos servizos de que están dotadas estas, así como a prestación de servizos de escolas, cursos e outras actividades culturais e deportivas, nos termos especificados nas tarifas da presente Ordenanza.

2. Non están suxeitos ó pago da taxa:

- a) Os actos organizados polo Concello de Camariñas ou patrocinados polo mesmo nos que se faga constar expresamente a non suxeición ó pago da taxa, patrocinio que haberá de resultar en todo caso dun previo acordo plenario ou resolución da Alcaldía .
- b) As utilizacións que sexan consecuencia de intercambios ou convenios con outras institucións, que se rexirán polo respectivo convenio.
- c) As actividades ordinarias escolares de carácter deportivo ou cultural que se realicen durante a xornada escolar, así como os campionatos deportivos escolares con participación de alumnos deste Municipio.

**Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos que constitúen o feito imponible da taxa.

**Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.- Devengo.**

Considérase devengada a taxa, nacendo a obriga de contribuir, cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude daqueles.

**Artigo 6.- Cota tributaria.**

1. A contía deste taxa será a establecida na seguinte Tarifa:

Conceptos	Euros
<b>I. Utilización dos Pavillóns Polideportivos</b>	
I.1. Aluguer para uso libre dos pavillóns polideportivos, por hora.....	10 €
I.2. Aluguer para uso libre dos pavillóns polideportivos, por hora, cada semana durante un mes .....	30 €
I.3 Aluguer para adestramento de equipos federados, dúas horas .....	10 €
I.4 Aluguer para competición federada sen pago de entrada, dúas horas .....	10 €
I.5 Aluguer para competición federada con pago de entrada, dúas horas.....	20 €
I.6. Aluguer para actividade físico deportiva: campus, cursos, competición non federada, práctica de calquera modalidade deportiva e outras actividades de tipo docente, organizada por entidades, sen pago de matrícula, por hora .....	10 €
con pago de matrícula, por hora .....	20 €



---

I.7. Actos de acceso gratuito e carácter non deportivo organizados por asociacións, partidos e entidades de todo tipo, por cada acto .....	180 €
I.8. Actos con pago de entrada alleos ó deporte, festivais e espectáculos recreativos e artísticos de carácter profesional, por cada acto.....	480 €
<b>II. Utilización dos Campos de fútbol municipais</b>	
II.1. Aluguer para uso libre dos campos de fútbol, por hora e media, sen luz artificial .....	15 €
con luz artificial.....	25 €
II.2 Aluguer para adestramento de equipos federados, dúas horas, sen luz artificial .....	15 €
con luz artificial.....	25 €
II.3 Aluguer para competición federada sen pago de entrada, dúas horas, sen luz artificial .....	15 €
con luz artificial.....	25 €
II.4 Aluguer para competición federada con pago de entrada, dúas horas, sen luz artificial.....	30 €
con luz artificial.....	50 €
II.5. Aluguer para actividade físico deportiva: campus, cursos, competición non federada, práctica de calquera modalidade deportiva e outras actividades de tipo docente, organizada por entidades, sen pago de matrícula, por hora, sen luz artificial .....	10 €
sen pago de matrícula, por hora, con luz artificial.....	20 €
con pago de matrícula, por hora, sen luz artificial.....	30 €
con pago de matrícula, por hora, con luz artificial .....	50 €
II.6. Actos de acceso gratuito e carácter non deportivo organizados por asociacións, partidos e entidades de todo tipo, por cada acto .....	200 €
II.7. Actos con pago de entrada alleos ó deporte, festivais e espectáculos recreativos e artísticos de carácter profesional, por cada acto.....	600 €
<b>III. Escolas culturais e deportivas municipais</b>	
III.1. por inscrición nunha soa escola cultural ou deportiva.....	20 €
III.2. por cada inscrición adicional noutras escolas culturais ou deportivas.....	10 €
III.3. por inscrición en tres escolas culturais o deportivas.....	30 €
III.4. Inscrición Escola de Vela, cada 10 días de clase 30 € mailo importe de licencia da escola. Abono familiar para Escola de Vela: o primeiro membro da unidade familiar 30 €, o segundo membro 18€, o terceiro membro 12 €, o cuarto membro ou máis 6€	
<b>IV. Cursos municipais</b>	
IV.1. Cursos específicos de duración superior a 20 horas, 15 €por inscrición; en caso de inscricións de máis membros da unidade familiar, 6 €por cada nova inscrición.	
IV.2. Cursos específicos de menos de 20 horas, 12 € por inscrición, en caso de inscricións de máis membros da mesma unidade familiar, 3 €por cada nova inscrición.	
IV.3. Cursos de artesanía, por persoa e curso.....	60 €
<b>V. Actividades para adultos</b>	
Taxa de actividade, tres días á semana, por persoa e mes .....	10 €
Taxa de actividade, dous días á semana, por persoa e mes.....	8 €
Taxa de actividade, un día á semana, por persoa e mes.....	5 €
<b>VI. Utilización doutros centros culturais e deportivos municipais</b>	
VI.1. Actividades deportivas ou culturais que o Concello organice e que considere necesario o cobro de entrada ao público, precio entrada.....	3 €
VI.2. Actividades culturais organizadas por Asociacións rexistradas no Concello de Camariñas con pago de entrada con luz artificial, por día.....	6 €
VI.3. Actividades culturais organizadas por Asociacións non rexistradas no Concello de Camariñas con pago de entrada con luz artificial, por día .....	12 €

---



- VI.4. Actos de acceso gratuito de carácter non cultural organizados por asociacións ou empresas non pertencentes ó Concello de Camariñas, por cada acto..... 60 €
- VI.5. Actos con pago de entrada de carácter non cultural organizados por asociacións ou empresas non pertencentes ó Concello de Camariñas, por cada acto..... 90 €
2. Tódalas cotas levan incluído o IVE correspondente e son de carácter irreducible.
3. A contía dos epígrafes I.7, I.8, II.6 e II.7 da anterior Tarifa incrementarase nun 50 por 100 por cada día de utilización do Pavillón, con anterioridade ou posterioridade á celebración dun acto, para a preparación ou arranxo do mesmo.

**Artigo 7.- Normas de xestión.**

1. A utilización das instalacións e servizos obxecto da presente taxa haberá de ter lugar, en todo caso, fóra do horario escolar. Os horarios e calendarios de utilización de instalacións municipais serán fixados por resolución da Alcaldía que se publicará no Tablón de edictos do Concello e nos centros correspondentes.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e lugares que se determine, cunha antelación mínima de dous días hábiles, agás no caso de torneos ou competicións deportivas e actos extradeportivos, nos que dita antelación será de cinco días hábiles. As inscricións en escolas, cursos e actividades realizaránse nos termos das correspondentes convocatorias

3. As autorizacións serán concedidas pola Alcaldía, quen poderá condionalas á previa constitución dunha garantía en metálico cando a natureza ou circunstancias da autorización solicitada poidan representar danos ou deterioros para as instalacións municipais, sendo o importe da garantía o da valoración estimada dos posibles danos feita polos servizos municipais.

O documento xustificativo da concesión da autorización haberá de ser presentado ó persoal encargado do servizo no momento de inicio do mesmo.

4. A coincidencia de solicitudes para a mesma data, cando as mesmas sexan incompatibles, resolveránse aplicando a seguinte orde de prioridade: 1) Escolas deportivas municipais, 2) Competición de equipos federados, 3) Competición de equipos non federados, 4) Entrenamento de equipos federados, 5) Entrenamento de equipos non federados, 6) Práctica deportiva privada. As coincidencias na mesma prioridade resolveránse a favor da precedencia na presentación da solicitude.

5. Correrán a conta e cargo do solicitante os medios persoais e materiais que este considere necesarios para a organización de calesquera actos, cando ditos medios sexan superiores ós destinados polo Concello de ordinario á prestación do servizo.

**Artigo 8.- Obrigación de pago.**

1. A obrigación de pago da taxa nace desde o momento en que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades ós que se refire esta Ordenanza.

2. O pago da taxa terá lugar por ingreso directo no momento de solicita-la utilización das instalacións ou de formaliza-la inscrición, con carácter de depósito previo conforme ó disposto no artigo 26.1.a) do RDLex 2/2004, poidendo empregarse o procedemento de declaración-liquidación ou de autoliquidación.

**Artigo 9.- Beneficios fiscais.**

*Gozarán de exención aqueles contribuintes pertencentes a nucleos familiares beneficiarios da Renta de Integración Social de Galicia(RISGA) así como as persoas maiores de 65 anos..*

**Disposición Final.-**

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xullo de dous mil oito, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,